

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDEMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA, LU00503:21, LU92505:24, LU96503:40, LU91502:28 E LU00505:20 EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS NOS CONCELLOS DE LUGO, MONFORTE DE LEMOS e OUTEIRO DE REI

En data 02-07-2014 a xefatura territorial adoptou resolución sobre o inicio do procedemento de adxudicación en segunda ou posterior transmisión dos expedientes de VPP arriba indicados.

Transcorrido o prazo sinalado en dita resolución, non se presentaron interesados nin reclamacións.

En consecuencia,

RESOLVO

1º Declarar deserto o procedemento de adquisición, en segunda ou posterior transmisión, das vivendas protexidas de promoción pública, extes LU00503:21, LU92505:24, LU96503:40, LU91502:28 E LU00505:20

2º .Ordear a publicar desta resolución na páxina web do IGVS.

3º. Comunicar ós propietarios que as vivendas permanecerán en publicidade permanente, na web do IGVS, para xeral coñecemento.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de conformidade co artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lugo, 24 de xuño de 2014

O Xefe Territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Carlos Vila Pérez